



Concello de Vigo  
Expte. 3993/1101

## ACTA

### PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 15/2023

### SESIÓN ORDINARIA (Agosto) DO 12 DE SETEMBRO DE 2023

#### ORDE DO DÍA

#### PARTE RESOLUTIVA

##### Ditames das comisións informativas:

##### SEGURIDADE, CONTRATACIÓN, FESTAS E XESTIÓN MUNICIPAL

1. Determinación das festividades locais no ano 2024. Expte. 1735/110 (Expte. Pleno 3994/1101).

##### Mocións:

2. Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia, a adoptar as medidas necesarias para garantir unha correcta asistencia sanitaria ás viguesas e vigueses incrementando as dotacións materiais e persoais, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4007/1101.
3. Moción do grupo municipal Socialista instando ao novo goberno da Deputación de Pontevedra a manter o sistema de convenios co Concello de Vigo, recollendo nos seus Orzamentos anuais, polo menos, as mesmas partidas que se dotaron nos últimos oito anos. Expte. Pleno 4008/1101.

#### PARTE DE CONTROL

4. Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 21.07 ao 29.08.23. Expte. 1534/1102 (Expte. Pleno 3995/1101).
5. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 21.07 ao 29.08.23. Expte. 1535/1102 (Expte. Pleno 3996/1101).
- 6.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 4.08.23, de aceptación da renuncia ao exercicio en réxime de dedicación exclusiva do cargo de concelleira de D<sup>a</sup> Carmela Silva Rego. Expte. Pleno 3970/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo 4105-1101	Data impresión: 19/01/2024 12:28 CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	Páxina 1 de 35
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 7.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 17.08.23, referente ao exercicio das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva da concelleira D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez, aceptando a súa dedicación. Expte. Pleno 3977/1102.
- 8. Dar conta da proposta de representantes da Corporación no Padroado da Fundación Marco. Expte. 1476/1102 (Expte. Pleno 3998/1101)
- 9.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.07.23, de proposta de nomeamento de representante do Concello na empresa de Servizos Mortuorios de Vigo. S.A. (EMORVISA). Expte. 1512/1102 (Epte. Pleno 3999/1101).
- 10.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.07.23, de proposta representantes do Concello na Fundación "Vigo en Deporte" (VIDE). Expte. 1504/1102 (Expte. Pleno 4000/1101)
- 11.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.07.23, de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as e aprobación do Texto Refundido. Expte. 1483/1102 (Expte. Pleno 4001/1101)
- 12.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 4.08.23, de nomeamento de representante do Concello de Vigo na Fundación Axencia Intermunicipal da enerxía de Vigo. Expte. 1525/1102 (Expte. Pleno 4002/1101)

**Mocións.**

- 13. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando activar unha oficina de okupación ilegal de vivendas na que se asesore e acompañe aos veciños afectados, así como ás necesidades dos okupantes e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4004/1101.
- 14. Moción do grupo municipal do BNG sobre a grave situación no servizo de autobús urbano da cidade de Vigo. Expte. Pleno 4005/1101.

**15. Formulación de rogos.**

**16. Formulación de preguntas.**

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Ilmo. Sr. Alcalde (*ausentase no punto nº 2*)  
 Aguiar Castro, Yolanda  
 Alonso Suarez, Olga  
 Caride Estévez, María José  
 Espinosa Mangana, Elena  
 Estevez Rodríguez, Pablo Luis

POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Fernández Tapias, Marta  
 Garrido Valenzuela, Irene  
 Gonzalez Abeijon, Fernando  
 Martin Peña, Jose Miguel  
 Sanchez Méndez, M<sup>a</sup> Luisa



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 2 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Fernández Pérez, José Manuel  
Gomez Díaz, Gorka  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen  
López Font, Carlos  
Losada Alvarez, Abel Fermín  
Mejías Sacaluga, Ana Maria  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Calviño, Patricia  
Rodríguez Rodríguez, Nuria  
Silva Rego, M.<sup>a</sup> Carmen (*incorpòrase  
mais tarde*)

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe  
Pérez Igrexas, Xabier

**NON ASISTEN:**

Aneiros Pereira, Jaime, concelleiro do grupo municipal Socialista.  
Martinez Piñeiro, Ana, concelleira do grupo municipal do BNG.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día doce de setembro do ano dous mil vinte e dous, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abalde Comesaña, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Fernández-Tapias Núñez, Garrido Valenzuela, Gómez Díaz, González Abeijón, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Álvarez, Martín Peña, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Pérez Iglesias, Rivas González, Rodriguez Calviño, Rodriguez Rodriguez, Sánchez Méndez, e Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos da orde do día.

**PARTE RESOLUTIVA**

**DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

**1.(124) DETERMINACIÓN DAS FESTIVIDADES LOCAIS NO ANO 2024.  
EXPTE. 1735/110 (EXPTE. PLENO 3994/1101).**

ANTECEDENTES.- Con data 30 de agosto de 2023, a concelleira delegada de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, emite a seguinte proposta,

“O artigo 37.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores establece no seu paragrafo primeiro un máximo de catorce festas laborais ao ano, con carácter retribuído e non recuperable, das cales dous serán locais



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 3 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

No mesmo senso o artigo 46 do RD 2001/1983, do 28 de xullo determina que serán tamén inhábiles para o traballo retribuídos e non recuperables, ata dous días de cada ano natural con carácter de festas locais que por tradición sexanlle propias en cada municipio, determinándose pola autoridade laboral competente –a proposta do Pleno do Concello correspondente– e publicándose no «Boletín Oficial da Comunidade Autónoma» e, no seu caso, no «Boletín Oficial» da provincia.

Polo exposto trala publicación do Decreto 139/2002, do 21 de xullo polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2023 procede elevar ao Pleno da Corporación previo ditame da Comisión competente o seguinte acordo....

Deseguido a concelleira emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, na súa sesión ordinaria do 4.09.23, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con vinte votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña e Pérez Igrexas, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

ACORDO:

PRIMEIRO.-Declarar como Festas Locais en Vigo para o ano 2024

- ▣ Martes de entroido: 13 de febreiro
- ▣ Festividade de San Roque: 16 agosto

SEGUNDO.- Remitir este acordo o Servizo de Emprego e Economía Social, Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade.

*Incidencia. Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.*

*Incidencia. O Alcalde-presidente abandona o Salón de Plenos, pasando a presidir a sesión o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira, así mesmo auséntase a concelleira e 1ª tenente de alcalde, Sra. Silva Rego.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 4 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## MOCIÓNS:

### **2.(125) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, A ADOPTAR AS MEDIDAS NECESARIAS PARA GARANTIR UNHA CORRECTA ASISTENCIA SANITARIA ÁS VIGUESAS E VIGUESES INCREMENTANDO AS DOTACIÓNS MATERIAIS E PERSOAIS, E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4007/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de setembro de 2023, número 4007/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Neste Pleno debatemos en moitas ocasións sobre a pésima situación sanitaria na cidade de Vigo. Adoptamos acordos que foron trasladados ao presidente da Xunta e ao Conselleiro de Sanidade –e que non foron atendidos- para buscar solucións que deberan ser aplicadas de xeito inmediato.

Se durante todo o ano a nefasta organización do SERGAS en Vigo repercute de forma moi grave na calidade asistencial que recibe a cidadanía viguesa, no período de verán a situación vólvese aínda máis delicada.

E este verán, a piques de finalizar, repetiuse o caos asistencial que cada ano medra á espera das decisións organizativas e ao incremento do persoal que desde este Pleno demandamos no nome das viguesas e vigueses.

A demanda dos usuarios do sistema público de saúde é atronadora pero son os profesionais, que sofren este caos organizativo, os que demandan solucións e incremento de persoal, os que denuncian as súas condicións de traballo e lle din á Xunta que non se trata de cobrar máis, senón de poder dar a calidade asistencial idónea nas condicións de traballo óptimas.

Durante este verán producíronse episodios moi graves. No Centro de Saúde de Teis non se atenderon consulta pediátricas por un período importante de tempo, afectando a 3.000 nenos e nenas.

Os atrasos nas citas son crónicos e cada vez aumentan máis nas datas.

As urxencias hospitalarias incrementáronse, ata cifras récord, como consecuencia da insuficiente atención nos centros de saúde.

Os profesionais denuncian que estiveron ata un total de 220 horas con ausencias médicas sen cubrir no PAC.

Poderíamos enumerar moitas máis situacións que se corresponden coas de todo o ano, agravadas neste período estival.

A todo isto, o SERGAS contesta que o persoal “está dimensionado”. Absolutamente indignante para os que sofren as consecuencias dunha mala organización na que coinciden profesionais e usuarios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 5 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Por iso é necesario, novamente, reclamar solucións inmediatas, de medios materiais, de adaptación organizativa e de incremento de persoal, e é polo que se propón ao Pleno da Excma. Corporación de Vigo que adopte o seguinte

#### ACORDO

- Instar ao presidente da Xunta de Galicia a adoptar, con carácter urxente, as medidas necesarias para garantir unha correcta asistencia sanitaria ás viguesas e vigueses incrementando as dotacións materiais e de persoal imprescindibles para unha calidade asistencial digna.
- Instar á Conselleira de Sanidade á planificación do próximo verán, coa antelación suficiente que demandan os profesionais, para evitar a situación de caos que ininterrompidamente se vén producindo ano tras ano en cada período estival.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

PRESIDENCIA: Acéptase a emenda presentada polo voceiro do grupo municipal do Bng, Sr. Pérez Igrexas, o día 8.09.23, nº expte. Pleno 4012/2023, que di o que segue,

Único.- ENGADIR a proposta de acordos o seguinte:

“No concreto, o Pleno do Concello de Vigo demanda da Consellaría de Sanidade que adopte as medidas necesarias para o reforzamento cos medios e persoal precisos de todos os centros de saúde de Atención Primaria da cidade, tamén durante o período estival, do Punto de Atención Continuada (PAC) da rúa Pizarro e dos servizos de urxencias hospitalarias, para garantir unha adecuada e áxil atención sanitaria na rede pública durante todo o ano e evitar picos asistenciais que a comprometan.

Adicionalmente, ínstase a Xunta de Galiza a aprovisionar nos orzamentos do vindeiro exercicio 2024 as partidas económicas necesarias para dotar a cidade de Vigo de dous novos PAC, para as contornas de Navia-Coia e o Teis, dotando estes dous e mais o actualmente existente na rúa Pizarro de atención pediátrica especializada.”

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodíguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña e Pérez Igrexas, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

#### ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 7.09.2023 (Rex. Nº 4007/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, coa engádeda presentada polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, quedando do acordo do seguinte xeito,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 6 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

• Instar ao presidente da Xunta de Galicia a adoptar, con carácter urxente, as medidas necesarias para garantir unha correcta asistencia sanitaria ás viguesas e vigueses incrementando as dotacións materiais e de persoal imprescindibles para unha calidade asistencial digna.

• Instar á Conselleira de Sanidade á planificación do próximo verán, coa antelación suficiente que demandan os profesionais, para evitar a situación de caos que ininterrompidamente se vén producindo ano tras ano en cada período estival.

No concreto, o Pleno do Concello de Vigo demanda da Consellaría de Sanidade que adopte as medidas necesarias para o reforzamento cos medios e persoal precisos de todos os centros de saúde de Atención Primaria da cidade, tamén durante o período estival, do Punto de Atención Continuada (PAC) da rúa Pizarro e dos servizos de urxencias hospitalarias, para garantir unha adecuada e áxil atención sanitaria na rede pública durante todo o ano e evitar picos asistenciais que a comprometan.

Adicionalmente, ínstase a Xunta de Galiza a aprovisionar nos orzamentos do vindeiro exercicio 2024 as partidas económicas necesarias para dotar a cidade de Vigo de dous novos PAC, para as contornas de Navia-Coia e o Teis, dotando estes dous e mais o actualmente existente na rúa Pizarro de atención pediátrica especializada.

### **3.(126). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO NOVO GOBERNO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA A MANTER O SISTEMA DE CONVENIOS CO CONCELLO DE VIGO, RECOLLENDO NOS SEUS ORZAMENTOS ANUAIS, POLO MENOS, AS MESMAS PARTIDAS QUE SE DOTARON NOS ÚLTIMOS OITO ANOS. EXPTE. PLENO 4008/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de setembro de 2023, número 4008/1101, o voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

#### MOCIÓN

“Durante os oito últimos anos, a Deputación de Pontevedra reflectiu nos seus Orzamentos un sistema de axudas proporcional e igualitario aos 59 concellos da provincia con menos de 50.000 habitantes.

Para os dous municipios, dúas cidades, que excedían este número de habitantes establecíase un mecanismo de firma de convenios para atender as súas necesidades.

No caso de Vigo, nos oito últimos Orzamentos da Deputación de Pontevedra consignábanse partidas orzamentarias que permitiron atender as necesidades en materia de infraestruturas, humanizacións, servizos e outras actuacións que se recollían especificamente en cada un dos convenios asinados.

O cambio de goberno na Deputación de Pontevedra require que se manteña para Vigo o sistema de convenios e as achegas que se viñan destinando ano tras ano.

Por isto propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 7 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

## ACORDO

•INSTAR ao novo goberno da Deputación de Pontevedra a manter o sistema de convenios co Concello de Vigo, recollendo nos seus Orzamentos anuais, polo menos, as mesmas partidas que se dotaron no últimos oito anos.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con dezaoito votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejias Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña, Pérez Igrexas, e cinco votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, adóptase o seguinte,

## ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 7.09.2023 (Rex. Nº 4008/1101), polo voceiro do grupo municipal Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## PARTE DE CONTROL

### **4.(127). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA, DENDE O 21.07 AO 29.08.23. EXPTE. 1534/1102 (EXPTE. PLENO 3995/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía (do 21.07.23 ao 29.08.23) incluídas no expediente 1534/1102 (Expte. Pleno 3995/1101).

## ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.

### **5.(128). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS, DENDE O 21.07 AO 29.08.23. EXPTE. 1535/1102 (EXPTE. PLENO 3996/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados (do 21.07.23 ao 29.08.23) incluídas no expediente 1535/1102 (Expte. Pleno 3996/1101).

## ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións. O Pleno queda enterado.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 8 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



**6.(129). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 4.08.23, DE ACEPTACIÓN DA RENUNCIA AO EXERCICIO EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DO CARGO DE CONCELLEIRA DE D<sup>a</sup> CARMELA SILVA REGO. EXPTE. PLENO 3970/1101.**

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 4.08.23, que di o que segue,

“En sesión constitutiva de la corporación de fecha 17 de junio de 2023 tras la celebración de las elecciones municipales de fecha 28 de mayo , D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego tomó posesión del cargo de concejala del Ayuntamiento de Vigo,

En fecha 3 de julio de 2023 el Pleno adoptó acuerdo por el que estableció el régimen de dedicación de los miembros de la Corporación.

Por Resolución de Alcaldía de fecha 7 de julio de 2023 se adoptó acuerdo del ejercicio en régimen de dedicación exclusiva de las funciones del cargo de concejal con efectos de fecha 6.07. 2023, por parte de D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego procediendo en fecha 11 de julio de 2023 a su aceptación

En fecha 3.08.2023, D<sup>a</sup> María del Carmen Silva Rego presenta en registro de pleno (3970-1101) renuncia al ejercicio del cargo de concejala en régimen de dedicación exclusiva como consecuencia de la toma de posesión como senadora por la provincia de Pontevedra tras las elecciones generales al Congreso y Senado celebradas en fecha 23 de julio de 2023 conforme lo establecido en el artículo 158 de la Ley Orgánica 5/1985, de 19 de julio y artículo 75.1 de la Ley 7/85, do 2 de abril con efectos de fecha 8 de agosto de 2023.

De conformidad con lo expuesto, esta Alcaldía conforme el acuerdo plenario de fecha 3 de julio de 2023 en relación con el artículo 75.2 de la Ley 7/85, do 2 de abril, ,  
RESUELVE :

Primero. Aceptar la renuncia al ejercicio en régimen de dedicación exclusiva del cargo de concejala del Ayuntamiento comunicada a esta Alcaldía por la concejala D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego con efectos de fecha 8 de agosto de 2023.

Segundo. Dar traslado de la presente Resolución a la concejala interesada.

Tercero.- Dar cuenta individualizada al Pleno de la presente Resolución en la próxima sesión ordinaria y proceder a su publicación no Boletín Oficial da Provincia.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 4 de agosto de 2023.

**7.(130). DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 17.08.23, REFERENTE AO EXERCICIO DAS SÚAS FUNCIÓNS EN RÉXIME DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA DA CONCELLEIRA D<sup>a</sup> OLGA ALONSO SUÁREZ, ACEPTANDO A SÚA DEDICACIÓN. EXPTE. PLENO 3977/1102.**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 9 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

ANTECEDENTES: Dáse conta da Resolución da Alcaldía, de data 17.08.23, que di o que segue,

“O Pleno do Concello, na súa sesión de data 3.07.2023, de conformidade co artigo 75.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), acordou as retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial así como o réxime de dedicación destes últimos, correspondendo a grupo municipal socialista dez concelleiros/as que realicen as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Por Resolución da Alcaldía de data 7.07.2023 designouse os membros que exerceran as funcións en réxime de dedicación exclusiva.

Por Resolución da Alcaldía de data 4.08.2023 e previa comunicación da concelleira, aceptouse a renuncia ao exercicio en réxime de dedicación exclusiva do cargo de concelleira do Concello de D<sup>a</sup> Carmen Silva Rego con efectos de data 8 de agosto de 2023.

En data 11.08.2023 número rexistro pleno 3977\_1102 a concelleira do grupo municipal do PSOE, María Olga Alonso Suárez solicita o desempeño das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva con efectos dende o día 9 de agosto de 2023.

Conforme o artigo 75.5 da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local corresponde ao Alcalde\_Presidente a adopción do acordos determinando os membros da Corporación que realizarán sus funciones en réxime de dedicación exclusiva o parcial

Polo exposto, e considerando que a concelleira ven desenvolvendo o exercicio das funcións do seu cargo de concelleira en réxime de exclusividade dende data 9.08.203 e visto informe favorable da Intervención municipal de data 17.08.2023 esta Alcaldía, RESOLVE

Primeiro.- A concelleira Dna. María Olga Alonso Suárez exercerá as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva cun importe bruto anual 65.054,30 € con efectos dende o día 9 de agosto.

Segundo.- As retribucións especificadas para cada cargo así como os trienios que no seu caso correspondan por prestación de servizos noutras Administracións Públicas no caso dos cargos con dedicacións exclusiva, aboaranse en catorce pagas agás as dos Concelleiros/as con dedicación parcial que abonaranse en doce. Os importes das retribucións revisaranse anualmente na mesma proporción que as do persoal ó servizo do Concello.

Terceiro.- As retribucións por dedicación exclusiva implicarán a súa incompatibilidade con outras con cargo ós orzamentos das Administracións Públicas e dos entes, órganos ou empresas deles dependentes, así como o desenvolvemento doutras actividades, todo iso nos termos da Lei 53/1984, de 26 de decembro, de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas.

Cuarto.- Os Concelleiros/as que desenvolvan as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva ou parcial non percibirán indemnizacións por asistencia ás sesións de órganos colexiados da Corporación ni do Organismo Autónomo Municipal Xerencia Municipal de Urbanismo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 10 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Quinto.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social aos corporativos mencionados asumindo a Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda.

Sexto.- Notificar a presente Resolución a interesada, entendéndose implícita na súa solicitude a aceptación da dedicación.

Sétimo.- Notificar a presente Resolución á Unidade de Persoal deste Concello, á Tesourería Municipal e á Intervención Xeral.

Oitavo.- Dar conta individualizada o Pleno da presente Resolución na vindeira sesión ordinaria. Proceder a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) e na Páxina web do Concello (Sede Electrónica)."

ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado da Resolución da Alcaldía de data 17 de agosto de 2023.

**8.(131). DAR CONTA DA PROPOSTA DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO. EXPTE. 1476/1102 (EXPTE. PLENO 3998/1101)**

ANTECEDENTES.- Con data 8 de agosto de 2023, a Alcaldía emite a seguinte proposta,

**"NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES DA CORPORACIÓN NO PADROADO DA FUNDACIÓN MARCO**

Como consecuencia da constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, como entidade fundadora da Fundación Marco actuará no Padroado a través da Presidencia que recaerá no Sr. Alcalde e no Padroado a través de sete vogais designados polo Concello (artigo 16 dos Estatuto en relación coa segundo comunicación da Fundación de data 6 de xullo de 2023)

Trala da sesión constitutiva da corporación en data 17 de xuño de 2023, constituíronse os seguintes grupos municipais: Grupo municipal socialista, dezanove concelleiros/as; grupo municipal do Partido Popular, cinco concelleiros/as; Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, tres concelleiros/as.

A vista da proposta presentada polo grupos municipais en atención súa representatividade conforme a proposta de data 27 de xullo de 2023, fórmulase á Xunta de Goberno Local seguinte PROPOSTA

Primeiro.- O Concello de Vigo estará representado no Padroado da Fundación MARCO, polo seu Alcalde como Presidente do Padroado e polos/as seguintes vogais:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 11 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Grupo municipal socialista

Dna. Elena Espinosa Mangana  
Dna. María del Carmen Lago Barreiro  
D. Gorka Gómez Díaz  
Dna. Nuria Rodríguez Rodríguez  
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Grupo municipal do Partido Popular

D. José Miguel Martín Peña

Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego

Dna. Ana Martínez Piñeiro

Segundo.- Comunicar este acordo á Fundación MARCO de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos e ás vogais designados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo texto legal.”

ACORDO.

O Pleno da Corporación quedou enterado da proposta de nomeamento de representantes da Corporación no Padroado da Fundación MARCO.

**9.(132). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28.07.23, DE PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA EMPRESA DE SERVIZOS MORTUORIOS DE VIGO. S.A. (EMORVISA). EXPTE. 1512/1102 (EPTE. PLENO 3999/1101).**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28.07.23, que di o que segue,

“10.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA EMPRESA DE SERVICIOS MORTUORIOS DE VIGO, S.A (EMORVISA). EXPTE. 1512/1102.

Dáse conta da proposta de data 24/07/23, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 12 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo segundo informe do Servizo de Patrimonio de data 10.06.2022 e trala transmisión de 1230 accións a Funeraria Viguesa s.a. en escritura pública do 19/5/2011 nº de protocolo 561), é titular do 10% das accións da empresa Emorvisa "Empresa de servicios mortuorios de Vigo, S.A."

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do 2 de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar representante do Concello de Vigo na Empresa de servicios mortuorios de Vigo, S.A (EMORVISA) ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda, don Jaime Aneiros Pereira.

Segundo.- Comunicar este acordo a Empresa de servicios mortuorios de Vigo, S.A (EMORVISA) aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal."

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

#### ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023.

### **10.(133). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28.07.23, DE PROPOSTA REPRESENTANTES DO CONCELLO NA FUNDACIÓN "VIGO EN DEPORTE" (VIDE). EXPTE. 1504/1102 (EXPTE. PLENO 4000/1101)**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28.07.23, que di o que segue,

9.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO NA FUNDACIÓN "VIGO EN DEPORTE" (VIDE). EXPTE. 1504/1102.

Dáse conta da proposta de data 24/07/23, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 13 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará no Padroado a través da Presidencia que recaer no Sr. Alcalde e no Padroado a través de dous vogais designados polo Concello (artigo 13 dos Estatutos).

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) , esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.-O Concello de Vigo, no exercicio das súas funcións de Patrón da Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE), actuará na mesma, tal e como se indica nos artigos 10 e 13 dos seus Estatutos, a través da persoa do seu Alcalde, D. Abel Caballero Álvarez, quen ostentará a Presidencia do Padroado e a través da Segunda Tenente Alcalde e Concelleira de Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude, dona Elena Espinosa Mangana e o Concelleiro Delegado da Área de Deportes, D. José Manuel Fernández Pérez.

Segundo.- Comunicar este acordo ao Fundación “Vigo en Deporte” (VIDE) aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

#### ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023.

### **11.(134). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 28.07.23, DE MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E APROBACIÓN DO TEXTO REFUNDIDO. EXPTE. 1483/1102 (EXPTE. PLENO 4001/1101)**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 28.07.23, que di o que segue,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 14 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3.- MODIFICACIÓN DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS CONCELLEIROS/AS DE ÁREA DE GOBERNO E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS E APROBACIÓN DO TEXTO REFUNDIDO. EXPTE. 1483/1102.

Dáse conta da proposta de data 25/07/2023, asinada pola secretaria de Goberno local, a concelleira-delegada de Xestión Municipal e polo alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

En data 22 de xuño de 2023 a Xunta de Goberno delegou nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

En aras da mellora na tramitación dos procedementos de contratación e conforme o informe da área de Contratación e Novos Proxectos parece aconsellable delegar determinadas competencias do órgano de contratación na concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, concretamente a resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP). Esta delegación redundará na simplificación administrativa, así como na axilidade da tramitación dos procedementos de contratación, que xa son longos de seu pola súa complexidade, e por ende, nunha maior eficacia da organización municipal. Así mesmo, facilitará o cumprimento dos prazos establecidos para a súa adxudicación polo artigo 158 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP). Tales competencias son as relativas

As dinámicas de funcionamento municipal, a necesidade de imprimir axilidade na tramitación e, no seu caso, na resolución dos expedientes administrativos, fan aconsellable delegar en órganos de xestión unipersoal unha serie de competencias en aras dunha mellor eficacia na organización e optimización dos recursos empregados, de tal xeito que, de conformidade coas competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 LRBR e demais normativa de aplicación polo que a vista do informe da área de contratación e novos proxectos formule á Xunta de Goberno Local a seguinte

#### PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 polo que se delegan nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local respecto das competencias delegadas en materia de Contratación na Concellería de Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal engadindo un punto 14

(..)

14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 15 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

SEGUNDO.- Aprobar o texto refundido das delegacións da Xunta de Goberno local nos concelleiros/as de Área de Goberno que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido:

I.- Na de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade e Normalización Lingüística.

En materia de Igualdade.

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento e Servizos

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.
2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.
3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras
4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Aprobación de todo os proxecto de obras, excluindo as memorias valoradas que serán aprobadas polas titulares das concellería de área de goberno.
6. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
7. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
8. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 16 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



9. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinaria que se celebren Municipal de Balaídos.
10. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
11. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior

En materia de Transportes

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas
  - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

III.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, Deportes e Xuventude.

En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 17 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congressos Mar de Vigo

#### En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

#### En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais -sen valor económico-.

#### En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

### IV.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

#### En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
  - a) Reserva de estacionamento e paradas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 18 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
- c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.

- 6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
- 7. Concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos de carácter extraordinario que se celebren en vías ou espazos público.
- 8. As facultades inherentes ao réxime de control administrativo respecto de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren en vías ou espazos públicos.
- 9.- Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

#### En materia de Contratación

- 1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.
- 2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
- 3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
- 4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
- 5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
- 6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
- 7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 19 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco de conflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

#### En materia de Recursos Humanos

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.
3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 20 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. *Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.*
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urgente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

#### En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.
3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

V. Área de Goberno de Política Social e Turismo.

#### En materia de Política de Benestar social.

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 21 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

#### VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

#### VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais.

##### En materia de parques e xardíns

1. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
2. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
3. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adjudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adjudicacións acordadas.

##### En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.
2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.

TERCEIRO.- Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 22 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a esta Xunat de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencias técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e proponendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
9. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
10. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
11. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solciitando a emisión de informes das distintas



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 23 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.

12. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
13. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
14. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
15. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
16. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración interinstitucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

CUARTO.-\_ Delegar nos concelleiros/as delegados en asuntos de competencia da Xunta de Goberno Local e no ámbito da súa delegación as atribucións relativas a incoación de expedientes , sinatura de memoria xustificativa dos contratos menores, informe da necesidade de contratación e calquera acto trámite, xa sexa de ordenación ou instrución. Así mesmo atribúese aos concelleiros/as delegados a facultade de conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.

QUINTO.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

SEXTO.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

SÉTIMO.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 24 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



OITAVO- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resolto polos propios concelleiros de Área.

NOVENO.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

DÉCIMO- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

DÉCIMO PRIMEIRO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

DÉCIMO SEGUNDO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

DÉCIMO TERCEIRO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986.

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

#### ACORDO.

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 28 de xullo de 2023.

### **12.(135). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 4.08.23, DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO. EXPTE. 1525/1102 (EXPTE. PLENO 4002/1101)**

ANTECEDENTES: Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 4.08.23, que di o que segue,

10.- NOMEAMENTO DE REPRESENTANTE DO CONCELLO DE VIGO NA FUNDACIÓN AXENCIA INTERMUNICIPAL DA ENERXÍA DE VIGO. EXPTE. 1525/1102.

Dáse conta da proposta de data 01/08/2023, asinada pola secretaria de Goberno local e polo alcalde, que di o seguinte:

Trala constitución da nova Corporación xurdida das eleccións locais do 28 de maio do 2023, a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, de conformidade co sinalado no



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 25 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

art.127 m) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, ten que resolver sobre o nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados de goberno ou administración dos entes, fundacións ou sociedades, con independencia da súa natureza, nos que participe o Concello.

A Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo foi constituída en escritura pública de data 28 de maio de 2003, autorizada polo notario de Vigo, Antonio A. Salgueiro Armada, co número 1.854 de orde do seu protocolo. Por Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria de 26 de outubro de 2017, ratificouse o acordo de extinción da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo (Faimevi) y se dispuxo a súa inscrición no Rexistro de Fundacións de Interese Galego. Daquela, a Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo entrou en fase de liquidación, pasando a desempeñar o Padroado as funcións de órgano liquidador.

De acordo co artigo 16 dos Estatutos da Fundación, actualmente todavía en liquidación, corresponde ao Alcalde-Presidente do Concello de Vigo a Presidencia do Padroado e unha das vogalías do Padroado ao Concello de Vigo, que debera designar persoa física que o represente.

E por isto que de conformidade co disposto no artigo 127.1.m) da Lei 7/85, do de abril, das bases de réxime local (LRBRL) e conforme o sinalado no informe da Área de Fomento e Servizos, esta Alcaldía Presidencia, somete á consideración da Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de acordo:

Primeiro.- Designar representante do Concello de Vigo no padroado da Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo ao Segundo Tenente Alcalde e Concelleiro de Área de Goberno e Servizos, D. F. Javier Pardo Espiñeira.

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Fundación Axencia Intermunicipal da Enerxía de Vigo, aos Grupos políticos municipais, aos concelleiros e concelleiras afectados/as, e para xeral coñecemento, inserilo na Intranet municipal e no Portal de Transparencia Municipal.

Terceiro.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa aprobación, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica municipal conforme co disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno.

Cuarto.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado do mesmo, de conformidade co establecido no art. 44 do RD 2568/19856, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal.

#### ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.”

ACORDO.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 26 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

O Pleno da Corporación queda enterado do acordo da Xunta de Goberno Local de data 4 de agosto de 2023.

**MOCIÓNS.**

**13.(136). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO ACTIVAR UNHA OFICINA DE OKUPACIÓN ILEGAL DE VIVENDAS NA QUE SE ASESORE E ACOMPAÑE AOS VECIÑOS AFECTADOS, ASÍ COMO ÁS NECESIDADES DOS OKUPANTES E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. EXPTE. PLENO 4004/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de setembro de 2023, número 4004/1101, a voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Vigo sofre no último ano e medio un forte repunte das okupacións. As estimacións da patronal inmobiliaria son que na nosa cidade habería unhas 200 propiedades okupadas ilegalmente, unha quinta parte do total de Galicia, sendo a nosa a urbe máis afectada por este fenómeno que preocupa e moito a cidadanía e que require de respostas por parte das distintas administracións, nomeadamente, no caso que nos ocupa, do Concello de Vigo.

Un fenómeno de okupación estendido por toda a cidade: Navia, Matamá, Valadares, O Calvario, Teis, Samil, Traviesas, Casco Vello e un longo etcétera. De feito, nas derradeiras semanas asistimos a varios destes casos. Por exemplo en Valadares onde foron os propios veciños os que tiveron que se organizar para tratar de botar aos okupas dunha nave industrial en estado de abandono. Ou na rúa Alfonso X, nas Travesas, onde os residentes da zona levan cinco anos denunciado ante o Concello esta situación sen que se teña adoitada medida algunha. Ou no Casco Vello, onde tamén os veciños xa hai tempo que alertan da proliferación de vivendas okupadas.

A maiores dos problemas que este fenómeno representa para os propietarios legais dos diferentes inmobles okupados, que ven como pasan a quedar temporalmente sen propiedades condenados a un longo proceso xudicial, en moitos dos casos, NON en todos, este fenómeno da okupación tamén vai ligado á inseguridade cidadá. Así o adoitan a denunciar os veciños e veciñas das zonas afectadas que falan de constantes liortas que impiden o dereito ao descanso; repunte na venta de droga; incremento dos hurtos e roubos, etcétera. Fronte o estas situacións, as forzas e corpos de seguridade fan o que poden, e no caso da nosa cidade, lastrada aínda por riba por falta de efectivos.

É evidente, xa que logo, que este fenómeno da okupación preocupa a sociedade e é un debate que se ten que afrontar con rigor e seriedade, e non minimizándoo e restándolle importancia. Aquí conflúen moitos aspectos. Entre outros, pero non só, ao difícil acceso a unha vivenda digna por alto custe das mesmas e a falta de oferta, nomeadamente de vivenda social e protexida. No caso de Vigo, entre outras causas, motivado pola anulación do Plan Xeral e o atraso na aprobación do novo planeamento urbanístico.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 27 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

A maiores, o concello de Vigo é probablemente o único concello español de máis de 200.000 habitantes que non exerce a competencia en materia de vivenda protexida que se lle outorga o artigo 25 da lei de bases de réxime local a través da constitución dunha empresa municipal de vivenda destinada a ese fin. De feito o concello non promoveu nin unha soa vivenda, senón que se limita a xestionar as que recibe cedidas gratuitamente polo IGVS, a pesares das promesas electorais do Partido Socialista de converter a Vigo *“nun mar de guindastres para construír 6.000 vivendas protexidas”*. O que contrasta co que o Alcalde, consciente da competencia municipal en materia de vivenda, dixo en setembro de 2021 nunha rolda de prensa sobre os fondos europeos na que informaba sobre os contactos mantidos en Madrid *“para hablar de la participación de los ayuntamientos en la agenda urbana (...) y nuestras competencias en construcción de nueva vivienda y sobre todo de nueva vivienda pública en alquiler”*.

Neste punto, cabe salientar a Xunta de Galicia ven de conceder unha axuda de 1.187.982 euros ao Concello de Vigo para a construción de 27 vivendas para alugueiro social nunha parcela situada no Camiño Esturáns.

Ademais, o Instituto Galego da Vivenda e Solo construírá 207 vivendas de promoción pública no polígono 1 de San Paio de Navia, estando licitado o contrato de construción de 38 de estas vivendas e en redacción os proxectos das restantes. Estas promocións vanse financiar con fondos propios da Xunta e aportacións da Unión Europea.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do PP propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1. Activar unha oficina de okupación ilegal de vivendas na que asesorar e acompañar aos veciños e veciñas afectados por estas situacións e que se encargue, entre outras cousas, de analizar, en coordinación cos servizos sociais, as distintas situacións individuais das familias afectadas pero tamén das persoas okupantes de xeito que, en función da súas necesidades e atendendo aos recursos dispoñibles, se lles poda ofrecer algún tipo de alternativa residencial.
2. Informar puntualmente de cada caso de okupación ao departamento de estatística para evitar que ninguén teña a opción de empadroarse nunha vivenda okupada para consolidar a súa situación.
3. Facer un seguimento de cada caso de okupación para prever que as persoas desaloxadas fagan outra okupación.
4. Empregar, cando menos, 60 millóns de euros dos remanentes para construír vivendas públicas nos terreos e solares municipais dos que xa dispón.
5. Crear unha oficina municipal de vivenda para xestionar solo, facer equipamentos e promover y xestionar vivenda pública en compra e alugueiro.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez, e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 28 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

señores e señoras, a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejias Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia e máis dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña e Pérez Igrexas, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 7.09.2023 (Rex. Nº 4004/1101), pola voceira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Fernández-Tapias, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**14.(137). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE A GRAVE SITUACIÓN NO SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO DA CIDADE DE VIGO. EXPTE. PLENO 4005/1101.**

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 7 de setembro de 2023, número 4005/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

*“SOBRE A GRAVE SITUACIÓN NO SERVIZO DE AUTOBÚS URBANO DA CIDADE DE VIGO*

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O servizo de autobús urbano ten un carácter esencial para a veciñanza de Vigo e ten un papel estratéxico na mobilidade da cidade. No entanto, o mesmo atravesará unha grave situación no que ten a ver tanto co seu deficiente funcionamento como co incumprimento das condicións concesionais e das obrigas da empresa concesionaria, Vitrasa (Grupo Avanza), co seu cadro de persoal.

En relación ao funcionamento do servizo, desde a pandemia da Covid, iniciada en marzo do ano 2020 até hoxe, téñense suprimido un total de 72 viaxes diarias en 20 liñas, para alén da desaparición completa de liñas como o C2 ou as N2 e N3, ou fusións como a que deron lugar á nova liña A e que supuxo duplicar o tempo percorrido. Aliás, modificouse o sistema de frecuencias fixas por frecuencias variábeis, que o único que facilitaron na práctica foi a supresión daquelas que resultaban menos rendíbeis para a empresa concesionaria e unha importante merma na calidade do servizo para a veciñanza. A isto engádese a deficiente prestación de servizo derivada tanto dun cálculo de tempos de traxecto que non se axusta á realidade material como tamén, e sobre todo, á non mobilización dun número suficiente de vehículos e a non adoptar medidas para evitar o acabalgamento de liñas que produce períodos sen servizo prolongados nas paradas por unha deficiente planificación.

Tras acordar en 2020, incumprindo o compromiso público do propio Alcalde en sentido contrario, unha prórroga inxustificada que prolongou a duración da concesión até o ano 2025 (aplicando as condicións dun prego concesional elaborado en 1994) e da imposición, un ano antes, dun Regulamento do servizo que blindaba a súa xestión privatizada, a única decisión adoptada polo Goberno municipal en relación ao servizo



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 29 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

de bus urbano ten sido iniciar en abril deste ano un proceso de licitación pública para a contratación a elaboración do estudo técnico. Licitación que inda fica pendente de resolución.

Óptase unicamente por un estudo técnico ao tempo que non se ten en conta ao Consello Sectorial de Transportes (en estado de inactividade por falla de convocatoria desde hai varios anos), en tanto que órgano consultivo e de participación do Concello de Vigo en materia de mobilidade, e mentres se insiste en desatender as reiteradas demandas e propostas trasladadas tanto por colectivos sociais, nomeadamente o movemento veciñal, como por outras forzas políticas, como o BNG, a respecto das medidas a adoptar para mellorar o deficiente servizo de bus urbano.

Por outra parte, mantense na actualidade un prolongado conflito laboral por causa dos reiterados incumprimentos da empresa concesionaria das súas obrigas co seu persoal, a pretensión de aplicar unha rebaixa salarial que suporía reducir até preto dun 40% as retribucións do persoal condutor e, agora, o bloqueo patronal da negociación colectiva cun convenio de aplicación caducado desde o ano 2020. Unha conflictividade que non fixo máis que agudizarse e que vai camiño de se cronificar, como demostran as reiteradas convocatorias de folga e paros parciais desenvolvidos desde agosto de 2021 até a actualidade, e que teñen un claro impacto na prestación do propio servizo.

A posición do actual Goberno municipal ten sido a dun evidente e continuado aliñamento coa dirección da empresa concesionaria, permitindo por acción e por omisión tanto os incumprimentos dos pregos concesionais, a precarización do servizo como tamén os incumprimentos laborais. Incumprimentos algúns deles de gravidade como é que non se respeten os descansos preceptivos legalmente (de 45 minutos para xornadas superiores a 9h de traballo en bloques de 15 minutos, para o persoal condutor) co grave prexuízo que iso supón para a saúde laboral dos e das traballadoras e o risco que entraña en materia de seguridade viaria; a formalización irregular de contratos temporais; incumprimentos en materia de prevención de riscos laborais e condicións de traballo; ou atrasos e irregularidades no abono de salarios e pluses. Inda máis, a complicidade do Goberno municipal e a súa conduta abertamente antisindical quedou patente en sucesivos decretos de servizos mínimos durante as folgas convocadas que foron sentenciados como ilegais pola Xustiza por vulneraren os dereitos fundamentais dos e das traballadoras. Así como a negativa por parte do Alcalde a atender a solicitude do Comité de Empresa para poder intervir perante o Pleno, de acordo ao previsto no seu Regulamento Orgánico.

Neste sentido, é inaceptábel o pretexto de que o conflito laboral se desenvolve nunha empresa privada obviando que a mesma é concesionaria dun servizo de titularidade municipal e de carácter esencial, e que ademais a referida empresa recibe cada ano por volta de 13 millóns de euros de subvención en compensación polas diferenzas tarifarias entre o prezo ordinario e as diferentes modalidades de bono existentes, para alén dos 21 millóns de euros abonados polo Concello como indemnización polas consecuencias económicas que tivo no servizo as restricións derivadas da situación sociosanitaria durante a pandemia da Covid.

Polo que, a través desta moción, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

Instar ao Goberno municipal a:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 30 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

Primeiro.- Que se proceda á apertura de expediente sancionador contra Vitrasa (Grupo Avanza), como empresa concesionaria do servizo de bus urbano da cidade de Vigo, de acordo co previsto no prego concesional e na normativa de aplicación.

Segundo.- Que o Goberno municipal exerza as súas atribucións de control e inspección velando por estrito cumprimento do prego e da normativa laboral no servizo de bus urbano da cidade.

Terceiro.- Que o Goberno municipal se implique na procura da resolución do conflito laboral existente en Vitrasa, atendendo as xustas reivindicación do seu persoal.

Cuarto.- Que se convoque con carácter urxente o Consello Sectorial de Transporte do Concello de Vigo para avaliar as medidas necesarias a adoptar para a mellora do servizo de bus urbano da cidade e para a definición das condicións que deben rexer o mesmo a partir de 2025.

Quinto.- Que se encargue un estudo para avaliar a remunicipalización, unha vez concluída a vixente prórroga da concesión, do servizo de transporte público de pasaxeiros e pasaxeiras a través da creación dunha empresa pública municipal de transportes.”

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado a Acta.

VOTACIÓN: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do BNG, señora e señores, Abalde Comesaña e Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Fernández Tapias, Garrido Valenzuela, Gonzalez Abeijon, Martin Peña e Sanchez Méndez e dezaseis votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suarez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estevez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejias Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez, e a Presidencia adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 7.09.2023 (Rex. Nº 3954/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

## FORMULACIÓN DE ROGOS.

**15.(138).** Rogo formulado polo voceiro do BNG, Sr. Pérez Igrexas. Que se inicie a elaboración dunha ordenanza municipal para limitar a proliferación de vivendas de uso turístico, que xa duplican as dispoñíbeis en oferta para alugueiro residencial, o que produce un severo agravamento do problema de acceso social á vivenda na nosa cidade, especialmente para a poboación socialmente máis vulnerábel, familias traballadora e mocidade.

**16.(139).** Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña . Que polo goberno local se axilice ao máximo a resolución das becas de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 31 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

comedor escolar logo de que o curso escolar empezase onte e nos se sabe quenes son os beneficiarios nunha situación na que chove sobre mollado par familias da cidade.

### FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

**17.(140).** Pregunta formulada polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. ¿Vai considerar o Goberno municipal as advertencias formuladas por parte da comunidade deportiva, profesionais e persoas usuarias das Pistas de Atletismo de Balaídos en relación aos graves prexuízos que pode ocasionar para a práctica deportiva o cambio de orientación das instalación previsto para o proxecto de reforma por non ter en conta a orientación do vento?

**18.(141).** Pregunta formulada pola concelleira do grupo municipal do Partido Popular, Sra. Garrido Valenzuela. ¿ Cando vai a entregar o equipo redactor o documento completo denominado “Revisión do PXOM de Vigo. Versión para aprobación provisional?.

### ANEXO ARCHIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario de agosto  
Legislatura: Mandato 2023-2027  
Órgano : Pleno  
Fecha Inici: Martes, 12 de Septiembre de 2023 09:11:12  
Fecha Fin : Martes, 12 de Septiembre de 2023 10:41:20  
Duración : 01:30:08

- HTML

-----  
[https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos\\_actas.jsp?id=3368](https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3368)

- Media (MASTER)

-----

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 1.2 GiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/VXrvD46v1IPe29QxNT17HYNWteJdaSXCVTgPkrIrML8WbHZA.wmv>  
SHA512 - 9c608327b9dcf16429e8aebf9c0a28b581d90363bfaded0ec0e857045f7bc96629ba18a56de7b88a2eac804bc6deb08a4a2a70c119d16ef4519154c18ab5f33a

- Media (PROXYS)

-----

[1] Video H264, 480p, Stereo, 489 MiB  
Url -  
<https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/bC8GIFalRSpE2mhVcIqj6TvRf0Iq1FPsh029yjKJj1wdjdoX.mp4>  
SHA512 - 5eda8bca4547e8548ccd0145479524b0bfcaefd851568cc3f716416d8baac4ccbce2560c139278ba0acf73a5f501669cbe873da1dc866df3c92d87bded7a9fc6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 32 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Martín Peña, José Miguel; Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Silva Rego, Carmen; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Gomez Díaz, Gorka; Lago Barreiro, M.<sup>a</sup> del Carmen; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Mejías Sacaluga, Ana María; Losada Alvarez, Abel Fermín; Fernández Pérez, Jose Manuel; Fernandez-Tapias Nuñez, Marta; Garrido Valenzuela, Irene; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; Abalde Comesaña, Filipe; Pérez Iglesias, Xabier;
- 00:00:19 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:01:16 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:02:03 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:02:25 : 1.- Determinación das festividades locais no ano 2024. Expte. 1735/110 (Expte. Pleno 3994/1101).
- 00:02:33 - López Font, Carlos
- 00:03:49 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:03:54 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:04:35 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:04:54 - Votación [9:15:56]
- 00:05:21 - Minuto de silencio contra a violencia machista--
- 00:06:26 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:06:32 : 2.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao Presidente da Xunta de Galicia, a adoptar as medidas necesarias para garantir unha correcta asistencia sanitaria ás viguesas e vigueses incrementando as dotacións materiais e persoais, e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4007/1101.
- 00:06:48 - López Font, Carlos
- 00:11:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:12:03 - Abalde Comesaña, Filipe
- 00:16:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:16:30 - Gonzalez Abeijón, Fernando
- 00:21:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:21:45 - López Font, Carlos
- 00:24:50 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:25:08 - López Font, Carlos
- 00:25:16 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:25:45 - Votación [9:36:32]
- 00:26:06 : 3.- Moción do grupo municipal Socialista instando ao novo goberno da Deputación de Pontevedra a manter o sistema de convenios co Concellode Vigo, recollendo nos seus Orzamentos anuais, polo menos, as mesmas partidas que se dotaron nos últimos oito anos. Expte. Pleno 4008/1101
- 00:26:26 - López Font, Carlos
- 00:31:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:31:37 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:34:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:34:58 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 00:39:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:40:06 - López Font, Carlos
- 00:43:09 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:43:40 - Votación [9:54:26]
- 00:44:01 : 4.- Dar conta de resolucións da Alcaldía, dende o 21.07 ao 29.08.23. Expte. 1534/1102 (Expte. Pleno 3995/1101)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 33 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 00:44:15 : 5.- Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, dende o 21.07 ao 29.08.23. Expte. 1535/1102 (Expte. Pleno 3996/1101).
- 00:44:27 : 6.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 4.08.23, de aceptación da renuncia ao exercicio en réxime de dedicación exclusiva do cargo de concelleira de D<sup>a</sup> Carmela Silva Rego. Expte. Pleno 3970/1101
- 00:44:45 : 7.- Dar conta da Resolución da Alcaldía de data 17.08.23, referente ao exercicio das súas funcións en réxime de dedicación exclusiva da concelleira D<sup>a</sup> Olga Alonso Suárez, aceptando a súa dedicación. Expte. Pleno 3977/1102
- 00:45:03 : 8.- Dar conta da proposta de representantes da Corporación no Padroado da Fundación Marco. Expte. 1476/1102 (Expte. Pleno 3998/1101)
- 00:45:13 : 9.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.07.23, de proposta de nomeamento de representante do Concello na empresa de Servizos Mortuorios de Vigo. S.A. (EMORVISA). Expte. 1512/1102 (Expte. Pleno 3999/1101).
- 00:45:28 : 10.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.07.23, de proposta representantes do Concello na Fundación ?Vigo en Deporte? (VIDE). Expte. 1504/1102 (Expte. Pleno 4000/1101)
- 00:45:44 : 11.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 28.07.23, de modificación de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos concelleiros/as de Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as e aprobación do Texto Refundido. Expte. 1483/1102 (Expte. Pleno 4001/1101)
- 00:46:04 : 12.- Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local do 4.08.23, de nomeamento de representante do Concello de Vigo na Fundación Axencia Intermunicipal da enerxía de Vigo. Expte. 1525/1102 (Expte. Pleno 4002/1101)
- 00:46:23 : 13.- Moción do grupo municipal do BNG sobre a grave situación no servizo de autobús urbano da cidade de Vigo. Expte. Pleno 4005/1101.
- 00:46:35 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:51:40 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 00:51:59 - Martín Peña, José Miguel
- 00:56:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:02:17 - Caballero Álvarez, Abel
- 01:02:24 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:02:34 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:02:44 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:02:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:02:54 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:05:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:06:49 - Votación [10:18:00]
- 01:07:26 : 14. Moción do grupo municipal do Partido Popular instando activar unha oficina de okupación ilegal de vivendas na que se asesore e acompañe aos veciños afectados, así como ás necesidades dos okupantes e outros acordos complementarios. Expte. Pleno 4004/1101
- 01:07:52 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 01:12:56 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:13:07 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:18:03 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:18:08 - Aguiar Castro, Yolanda



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 34 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		

- 01:23:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:23:30 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 01:24:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:24:04 - Fernandez-Tapias Nuñez, Marta
- 01:27:17 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:27:43 - Votación [10:38:35]
  
- 01:28:03 : 15.- Rogos
- 01:28:04 - Pérez Iglesias, Xabier
- 01:28:28 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 01:28:30 - Martín Peña, José Miguel
- 01:28:46 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
  
- 01:28:53 : 16- Preguntas
- 01:28:57 - Abalde Comesaña, Filipe
- 01:29:24 - Garrido Valenzuela, Irene
- 01:29:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier

Sen máis asuntos a Presidencia deu por rematada a sesión ás dez horas e corenta minutos, redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

Conforme o artigo 3 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, a presente Acta, identificada co nº 15/2023, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2023.  
am.

**A PRESIDENCIA**

Abel Caballero Álvarez  
Xabier Pardo Espinosa

**O SECRETARIO XERAL DO PLENO**

José Riesgo Boluda  
Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 19/01/2024 12:28	Páxina 35 de 35
4105-1101	CSV: AAAE3B-D63821-442D8D-XGQGQ5-LBQR7M-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		